

## **NORMAS SOBRE O FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA DO CPI DE ATIOS**

A biblioteca abre as súas portas dende o inicio do curso escolar, e a ela poden acudir titor@s, maestr@s especialistas e outros membros da comunidade educativa para:

➤ **FACER PRÉSTAMO:**

a) Alumnado de primaria e secundaria: o alumnado pode acudir á biblioteca durante o recreo, pois pode ser atendido polo persoal de garda (mestres ou alumnado voluntario) que se encargará do préstamo.

b) Subir con todo o grupo-aula na hora de biblioteca que cada curso ten asignada (educación infantil e primaria ). Para asignar as quendas hai un horario na porta da biblioteca, onde cada titoría pode escoller a hora semanal reservada. Prégase respectar estes turnos, para conseguir un bo funcionamento da biblioteca, e serán os titores ou especialistas que acuden co grupo os responsables de facer o préstamo no ordenador.

-O alumnado voluntario formarase ao inicio de cada curso escolar no sistema de préstamo e na axuda ao resto do alumnado na búsqueda de libros na biblioteca. Pídese a colaboración das titorías de educación primaria, para ensinar ao alumnado a buscar, colocar e as normas da biblioteca escolar.

➤ **CLUBS DE LECTURA:** En secundaria tamén se levan a cabo clubs de lectura no que participan alumnado de forma voluntaria e profesorado.

Extravío ou deteriorio de libros da biblioteca por parte do alumnado ou outro membro da comunidade educativa. O equipo da biblioteca será quen decida que facer con ese/eses libro/libros,(sanción polo mal uso), tendo que: repoñer por outro igual, pagar ou amañar o libro por parte da familia ou persoa implicada no deterioro.

➤ CONSULTA DE INFORMACIÓN NA BIBLIOTECA:

Pódense empregar por parte dos membros da comunidade educativa:

- a) Libros de consulta (enciclopedias, atlas, biografías...).
- b) Ordenadores dispoñibles.
- c) Vídeos/películas nos ordenadores a través de Internet ou en DVD, sempre baixo a supervisión dun/dunha maestr@/profesor@ por motivos do contido a visionar.
- d) CDs de música, sempre baixo a supervisión dun/dunha maestr@/profesor@ por motivos dos contidos a escoitar.
- e) Xogos educativos individuais e grupais.

Extravío ou deteriorio de materiais da biblioteca por parte do alumnado ou outro membro da comunidade educativa. O equipo da biblioteca será quen decida que facer con ese/eses material/materiais,(sanción polo mal uso), tendo que: repoñer por outro igual, pagar ou amañar o material por parte da familia ou persoa implicada no deterioro.

➤ CONSUMO DE ALIMENTOS: está **prohibido** comer e beber no interior da biblioteca.

#### EXCEPCIÓNS:

- O alumnado voluntario tanto de primaria como de secundaria si poderán merendar na biblioteca, tendo que recoller os desperdicios ou resíduos para que a estancia estea limpa.
- O alumnado participante nos clubs de lectura organizados dende a biblioteca e que se desenvolvan durante o tempo de lecer (recreo).
- Calquera alumn@ ou alumnado do centro con permiso do titor ou especialista e debe estar acompañado por est@.
- Queda a decisión do Equipo da Biblioteca as posibles sancións por non respectar estas normas.

A BibliAtios pretende ser un espazo dinámico no que cada certo tempo se propoñen temas, en función dos cales se deseñan murais, decórase a biblioteca, prepáranse exposicións de libros, realízanse animacións á lectura... coa intención de dar vida a este espazo importante do colexio e que sexa dinámica e de calidade.

Na páxina web do cole hai un apartado para acceder ao blog de biblioteca, onde se informa das actividades, novidades...

*Equipo da Biblioteca,*

*En Valdoviño, 1 de setembro do 2023.*